




r|dl17

Galicía Hoxe 29/01/04

Para a maioría un auténtico "patriarca das letras", cunha constelación literaria tan poderosa que concitou a unanimidade nos homes e mulleres da escrita para propoñer como candidato galego ó nobel de literatura. De concepcións políticas indisolublemente unidas ó independentismo, Méndez Ferrín (Ourense, 1938) é motor do nacemento da Nova Narrativa Galega e, trala fundación en Madrid do grupo literario Brais Pinto, da renovación poética. Un monográfico, en maio do 2000, sobre o autor de 'Con pólvora e magnolias' abriu unha estreita colaboración co poeta que chega ata hoxe: un escritor grande e un comprometido activista da cultura en Galicia.

Méndez Ferrín

De 'O fin dun canto'

Pro vin o teu aberto e teño frouma
de ligazón de pócima de logo
Apreixo na tua carne miña amada
Laluma laba alabo a luva louca
de despenar a estepa nunha alauda
moumeando o segredo desespero
Abrango o ciño ou relembanza brosma
e abrancazo no azúcar do teu pelo
pois teño risos teus engaiolados
e percórroche os líquidos escuros
polo fondal das rochas polos dentes
clavicémbalo que devala alanca
polo mesto de carnes que me entregas
abertas docemente polo curso
de verbas estandartes acritudes
danzas lúas acróbatas e o pranto
Porrumpo porque a noite non é miña
en cromos descravados estrumentos
e mamo o moucho o estraño ramo horrendo
porque ti non descansas no meu hombro.
Amada de ledicias acedume
e perfectas estancias seixo liso
Chamo por ti nos ángulos da noite
oh lonxana zugada veiga abábaro
Remato en logo en cúspide en estrondo
porque teño e non teño a tua boca
e lembro con nostalxias acedísimas
os intres en alabo a luva louca
estremecido laba o teu laluma
meu lobo amor meu trobo de mel áspero